

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE SETEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Española de Estacións Náuticas para a posta en marcha do club de produtos de turismo náutico, por importe de corenta e un mil cento corenta euros (41.140,00€).
- Acordo polo que se aproba a presentación da Guía de boas prácticas para favorecer a contratación pública de Innovación en Galicia e se ordena a súa publicación e permanente actualización.

CONSELERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación cunha encomenda do Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega de Infraestruturas para a xestión da obra de ampliación e reforma do Hospital da Costa de Burela (Lugo).
- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coa convocatoria da Consellería do Medio Rural e do Mar dunha orde de axudas para a moratoria dos préstamos vinculados á mellora das explotacións e a incorporación das persoas mozas á actividade agraria.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas

deportivas, por un importe total de cento cincuenta e sete mil cincocentos trinta euros con corenta e catro céntimos (157.530,44€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o cabido do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago para o desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e restauración derivadas do Plan director do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela, por un importe total de dezasete millóns de euros (17.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Clúster de Saúde de Galicia para impulsar o desenvolvemento da internacionalización do Clúster de Saúde de Galicia, por un importe de corenta mil euros (40.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas do Igape a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Programa Reforma15).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Plataforma É-Saúde.

TURISMO DE GALICIA PORÁ EN MARCHA, EN COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ESTACIONES NÁUTICAS, O CLUB DE PRODUTO DE TURISMO NÁUTICO

- *A través dun convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta, Turismo de Galicia, en colaboración coa AEEN, impulsará a creación dunha Rede de estacións náuticas en Galicia que permitirá organizar a oferta de forma adecuada, estruturándoa e canalizándoa cara ao mercado*
- *O convenio inclúe unha serie de accións orientadas a identificar catro destinos turísticos con potencial náutico en Galicia que xunto á Estación Náutica de Sanxenxo- Rías Baixas pasarán a configurar a Rede de Estacións Náuticas de Galicia*
- *Do orzamento total do convenio Turismo de Galicia achegará o 100% para posibilitar a realización das actuacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Asociación Española de Estaciones Náuticas de España (AEEN) para a posta en marcha do Club de Produto de Turismo Náutico.

O obxecto do dito convenio é impulsar a creación dunha Rede de estacións náuticas en Galicia que permita organizar a oferta de forma adecuada, estruturándoa e canalizándoa cara ao mercado.

Así, durante o ano 2015 e 2016, grazas ao acordo, Turismo de Galicia, en colaboración coa AEEN, realizará unha serie de accións orientadas a identificar catro destinos turísticos con potencial náutico en Galicia que xunto á Estación Náutica de Sanxenxo-Rías Baixas pasarán a configurar a Rede de Estacións Náuticas de Galicia.

Segundo o convenio, no ano 2015 incorporaranse á Rede española de estacións náuticas dous destinos galegos e en 2016, outros dos.

As accións que inclúe o dito acordo para o ano 2015 están destinadas, por unha parte, ao apoio técnico para a incorporación dos novos destinos náuticos á Rede española de estaciones Náuticas e, por outra, á mellora da Estación Náutica de Sanxenxo.

Así, as accións recollidas no convenio para este ano están centradas no labor nos destinos, con xornadas e visitas ao destino cos técnicos dos concellos ou deputacións e xornadas de sensibilización para as empresas; na revisión dos estándares de calidade das empresas no destino; na innovación na xestión do destino, con accións de formación e consultoría; na presenza de marca; na intelixencia de mercado, con accións de *benchmarking*; e na promoción, coa preparación dun microsite do destino.

En canto ás iniciativas previstas para o próximo ano 2016 están destinadas ao apoio técnico aos destinos náuticos creados en 2015 para a súa evolución a Estación Náutica Premium na Red Española de Estaciones Náuticas. Así, o acordo recolle accións dirixidas ao apoio á comercialización, á innovación na xestión do destino, ao desenvolvemento dun manual de identidade corporativa e á promoción.

Do presuposto total do convenio Turismo de Galicia achegará o 100% para posibilitar a realización das actuacións.

Estacións náuticas

Unha estación náutica é un espazo turístico e recreativo que permite a práctica do turismo náutico, entendido como vacacións activas en contacto coa auga, coa posibilidade de realizar todo tipo de actividades náuticas en tempo de ocio e compartindo a actividade náutica co aloxamento e o desfrute da natureza e a oferta turística e recreativa do ámbito.

Na actualidade, en Galicia funciona dentro desta categoría a estación náutica Rías Baixas, no porto deportivo Juan Carlos I de Sanxenxo.

A Asociación Española de Estacións Náuticas creouse no ano 1998, contando co apoio da Secretaría de Estado de Turismo, e na actualidade está formada por unha serie de destinos repartidos por todo o litoral español das comunidades autónomas de Andalucía, Baleares, Canarias, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid, Galicia, Murcia e Ceuta. O seu obxectivo principal é favorecer a promoción e comercialización do turismo náutico en España, coordinando as actividades en beneficio da globalidade das estacións membros, e garantindo que o produto que se ofrece é de calidade.

A XUNTA APROBA A GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS A SEGUIR PARA FAVORECER A CONTRATACIÓN PÚBLICA INNOVADORA

- *O Goberno galego segue na senda da máxima racionalización do gasto e da mellora na xestión pública*
- *A guía foi elaborada polo propio persoal da Xunta de Galicia e engloba distintas actuacións que poden desenvolver os órganos de contratación para impulsar a innovación utilizando a súa capacidade de compra.*
- *A elaboración da guía é unha das medidas que aparecen recollidas no Plan de mellora da contratación pública 2014-2016*
- *O Goberno galego, a través da Axencia Galega de Innovación, lanzou unha iniciativa de contratación pública innovadora, baixo a denominación "Civil UAVs Initiative" para a utilización de UAV, vehículos aéreos non tripulados, -drons- no ámbito civil*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Guía de boas prácticas para favorecer a contratación pública de Innovación (CPI), que engloba un conxunto de recomendacións, directrices, exemplos e boas prácticas orientadas á mellora dos servizos públicos e para favorecer a contratación pública innovadora no sector público autonómico, tendo sempre coma premisa principal os principios de racionalización do gasto e da mellora da xestión pública.

A contratación pública de innovación ten coma fin incrementar a eficiencia do gasto público, facilitando a participación das pequenas e medianas empresas na contratación pública e permitindo que os contratantes utilicen mellor a contratación pública fomentando a innovación orientada a potenciar o desenvolvemento de novos mercados. Deste xeito permítese a mellora dos servizos públicos mediante a innovación empresarial e o impulso á internacionalización da innovación. A finalidade desta guía é expoñer unha serie de orientacións prácticas para a elaboración dos expedientes contractuais nos que se pretenda impulsar a presentación de solucións innovadoras por parte dos licitadores.

A Lei 14/2013, de 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, marca unha serie de liñas de actuación, entre as que se atopa o uso estratéxico das compras públicas. Polo que, co obxecto de fomentar a innovación a través da contratación pública, o Goberno galego lanza hoxe esta guía de contratación pública innovadora.

A guía foi elaborada polo propio persoal da Xunta de Galicia e engloba distintas actuacións que poden desenvolver os órganos de contratación para impulsar a innovación utilizando a súa capacidade de compra. Esta guía de boas prácticas diríxese a todo o persoal responsable da contratación pública dos departamentos da

Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público autonómico, e ademais poderá servir tamén de referencia e axuda ás persoas responsables da contratación pública das entidades locais de Galicia e do Sistema universitario galego.

Obxectivos principais

A guía ten coma principais obxectivos achegar ao persoal das administracións públicas e do sector público autonómico o concepto de contratación pública de innovación; fixar un conxunto de boas prácticas e directrices a seguir na tramitación dos expedientes de contratación pública; expoñer as posibilidades que ofrece a vixente lexislación comunitaria, estatal e autonómica para integrar aspectos innovadores na contratación pública; e servir de apoio para a especialización do persoal encargado da tramitación dos expedientes de contratación para os efectos de potenciar a solicitude de solucións innovadoras ao mercado, ademais de facilitar o labor do persoal responsable.

Unha iniciativa posta en marcha, a “Civil UAVs Initiative”

O Goberno galego, a través da Axencia Galega de Innovación, lanzou unha iniciativa de contratación pública innovadora, baixo a denominación “Civil UAVs Initiative” para a utilización de UAV, vehículos aéreos non tripulados, -drons- no ámbito civil e, especialmente, na mellora dos servizos públicos. Durante o período 2015-2020, a Xunta e o Estado teñen previsto investir ata 55 millóns de euros no desenvolvemento desta iniciativa.

Así, estanse a investir xa 10 millóns na construción de infraestruturas, o aeródromo de Rozas, e prevese o investimento de ata 45 millóns en achegas para a colaboración cun ou varios socios estratéxicos tecnolóxicos e industriais, a través dun acordo de asociación para o desenvolvemento precomercial, e para procesos de contratación pública de innovación no período 2016-2018, como compra precomercial, compra pública de tecnoloxía innovadora e asociación para a innovación.

O Goberno galego ten competencias en áreas nas que é susceptible usar UAV para mellorar os servizos públicos, polo que actuará como cliente lanzador e validador de novas solucións tecnolóxicas. Algunhas desas áreas son a prevención e extinción de incendios, control de actividades pesqueiras, vixilancia costeira, xestión do territorio, entre outras.

A Xunta pretende promover así un polo de desenvolvemento da investigación e tecnoloxía aeroespacial, baseado no concepto de innovación aberta, a través de diversas actuacións, como son a creación e desenvolvemento dun Parque tecnolóxico aeroespacial en torno ao aeródromo de Rozas, a busca de solucións tecnolóxicas innovadoras mediante procedementos de asociación para o desenvolvemento

precomercial, compra pública precomercial, asociación para a innovación e compra pública de tecnoloxía innovadora e a atracción e fomento de investimentos para o desenvolvemento tecnolóxico e industrial.

As actuacións dirixiranse á creación dun Polo de desenvolvemento tecnolóxico, entendido como coordinación de medios, recursos e infraestruturas nas que se concentren de forma simultánea os recursos, os medios e o potencial para desenvolver algunha ou todas as fases dos procesos de innovación en tecnoloxía de sistemas aéreos non tripulados aeroespacial que se pretenden fomentar.

O CONSELLO DA XUNTA DESBLOQUEA UNHA PARTIDA DE 12,8 MILLÓNS DE EUROS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE BURELA

- *O Consello da Xunta dá os pasos previos para iniciar nas vindeiras semanas o proceso de contratación dos traballos*
- *As obras consistirán na ampliación nun 30 % da superficie do actual hospital, asegurando durante a súa execución o funcionamento de todas as áreas actuais e a integración estética coa construción actual*
- *A actuación suporá a creación de 24 novos cuartos e a remodelación doutros 30 na área de hospitalización, e habilitarase un hospital de día médico para complementar o cirúrxico e o de diálise*
- *Construirase un novo pavillón en forma de L con 4 andares na parte máis longa e 2 na máis curta*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que habilita o crédito necesario para iniciar o proceso de contratación das obras da primeira fase da ampliación do Hospital da Costa de Burela. Unha vez dado este paso, os traballos, que suporán un investimento de 12,8 millóns de euros, poderán ser licitados nas vindeiras semanas, de acordo co compromiso adquirido de iniciar o procedemento este mesmo ano.

Esta reforma e ampliación permitirá a reorganización dos espazos dun centro de máis de 30 anos, e onde a zona ambulatoria non está adaptada na actualidade ás necesidades dos pacientes e dos profesionais.


Nas vindeiras semanas, a Axencia Galega de Infraestruturas convocará o concurso público para a redacción do proxecto e execución das obras, cun prazo de 3 meses e 28 meses respectivamente.

As obras, que serán executadas pola Axencia Galega de Infraestruturas, supoñen o desenvolvemento do plan director elaborado polo Servizo Galego de Saúde para este centro hospitalario, que ten unha antigüidade superior aos 30 anos.

A actuación suporá melloras substanciais na atención sanitaria nesta zona. Así, na área de hospitalización practicamente duplicarase o espazo, dos case 2.800 m² actuais a máis de 4.500, o que mellorará a confortabilidade dos pacientes e mellorará circulacións e o traballo dos profesionais; na área de consultas externas construírse un novo espazo ambulatorio que deixará espazo libre para futuras actuacións no centro; na área ambulatoria estableceranse novos gabinetes de exploración e unha nova sala de cirurxía menor; e crearase un hospital de día médico para complementar o cirúrxico e o de diálise.

O Goberno galego realizará obras de ampliación do hospital nun terzo da súa superficie, garantindo, durante a execución dos traballos, o funcionamento de todas as áreas actuais do centro sanitario. Así mesmo, os traballos asegurarán a integración estética da ampliación do hospital coa construción existente.

A ampliación permitirá contar con 6.000 m² máis de superficie construída sobre os 17.600 m² existentes, para o que se construírá un novo pavillón en forma de "L" con 4 plantas na parte máis longa e 2 na parte máis curta.



A XUNTA ACHEGA 1 MILLÓN DE EUROS ATA 2017 EN AXUDAS PARA MELLORAR A LIQUIDEZ DAS EXPLOTACIÓNS LÁCTEAS

- *O Consello autorizou hoxe o correspondente compromiso orzamentario para habilitar estas subvencións*
- *Poderán beneficiarse destes fondos os titulares de explotacións leiteiras que soliciten un período de carencia de ata 2 anos na amortización do préstamo concedido no seu día para apoiar investimentos de mellora de explotacións e incorporación de mozos ao agro*
- *En total, os beneficiarios poderán ser uns 1.100 titulares de explotacións lácteas, que non terán que pagar, durante 2 anos, nin amortización nin xuros*

A Xunta destina 1 millón de euros no período 2015-2017 a axudas para inxectar liquidez nas explotacións lácteas, con achegas para a moratoria dos préstamos vinculados coa mellora de explotacións e incorporación de mozos á actividade agraria.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o correspondente compromiso orzamentario para habilitar estas axudas. Delas poderán beneficiarse os titulares de explotacións agrarias de vacún de leite que soliciten un período de carencia de ata dous anos na amortización do préstamo concedido no seu día para apoiar investimentos de mellora de explotacións e incorporación de mozos ao agro. En total, os beneficiarios poderán ser uns 1.100 titulares de explotacións lácteas, que non terán que pagar, durante 2 anos, nin amortización nin xuros.

O Goberno galego reforza así o seu apoio ao sector lácteo, que ten a consideración de estratéxico. Con estas axudas, a mellora da situación económica das explotacións redundará en beneficios para o medio rural en particular e, por extensión, para o tecido socioeconómico galego.

A achega destes fondos adicionais faise efectiva porque o sector lácteo galego está a experimentar unha situación delicada, derivada de distintos feitos, como son a desaparición das cotas lácteas, que trouxo consigo un exceso de produción en toda a UE; a volatilidade dos prezos a nivel mundial, coincidindo estes meses cun momento cíclico de baixos prezos, e a baixada do consumo de leite nun 4 % aproximadamente.

Todos estes factores, unidos ao incremento da produción, fan que nestes intres haxa máis leite dispoñible que o que o consumo pode asumir. É por todo isto polo que se convocan estas axudas, que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de inxectar liquidez ao sector.

A XUNTA DE GALICIA SUMARÁ OS RECURSOS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA Á FORMACIÓN DOS TÉCNICOS EN EMERXENCIAS E EN SALVAMENTO

- *A Vicepresidencia e a Consellería de Cultura e Educación colaborarán por primeira vez para que o alumnado de ensinanzas deportivas e da FP obteñan a cualificación máis completa nestes eidos*
- *O departamento educativo da Xunta abrirá un prazo extraordinario de inscrición para quen desexe matricularse no curso 2015/2016*

A Vicepresidencia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborarán por primeira vez na formación do alumnado do ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil e das ensinanzas deportivas de Salvamento e Socorrismo, a través do Acordo ao que deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta. Deste xeito favorécese que os estudantes obteñan a cualificación máis completa nestes eidos, no marco do compromiso do Goberno galego de ofertar unhas ensinanzas públicas da maior calidade e con grandes opcións para a empregabilidade. Estas ensinanzas son novas, derivadas do desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a primeira vez que se imparten e son de oferta única, non se imparten en ningún centro educativo da nosa comunidade autónoma. O departamento educativo da Xunta abrirá un prazo extraordinario de inscrición para quen desexe cursar estas ensinanzas no curso 2015/16.

Ao abeiro do Acordo sumaranse os recursos da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) á formación que imparte o profesorado da Consellería, dada a necesidade manifesta de contar con recursos e especialistas de alta cualificación nestas disciplinas. Para iso, a docencia desenvolverase de forma compartida entre o IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) e as instalacións da Agasp. O orzamento total destinado a este acordo ascende a 157.530,44 €.

Módulos impartidos na Agasp

No caso do ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, impartiranse na Agasp os módulos de Mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias, Vixilancia e intervención operativa en incendios forestais, Intervención operativa en extinción de incendios urbanos, Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxico e antrópico, Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate, Inspección de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias e Coordinación de equipos e unidades de emerxencias.

E, no ciclo formativo de grao medio Salvamento e Socorrismo, impartiranse na Agasp os seguintes módulos deportivos do bloque específico: Instalacións acuáticas e

materiais, Metodoloxía do salvamento e socorrismo, Organización de eventos de iniciación en salvamento e socorrismo e Seguridade e intervención en instalacións acuáticas, todos eles do ciclo inicial, e do ciclo final os módulos deportivos de: Escola de salvamento e socorrismo, Preparación física do socorrista, Perfeccionamento técnico en salvamento e socorrismo, Organización de eventos de tecnificación en salvamento e socorrismo, Espazos acuáticos e materiais e Seguridade e intervención en espazos acuáticos naturais.

Neste sentido, cómpre salientar que a Academia Galega de Seguridade Pública ten unha longa traxectoria formativa e na elaboración de programas formativos e na impartición de formación nestas disciplinas, así como na colaboración coas universidades e institucións docentes. Ademais, a Agasp dispón dos espazos e dos equipamentos necesarios, que os centros educativos non posúen, para a impartición destas titulacións, o que redunda nunha mellor formación do alumnado galego.

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE AO INVESTIMENTO DE 17 MILLÓNS NAS OBRAS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DA CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O PRÓXIMO QUINQUENIO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio que permitirá que o monumento compostelán chegue nas mellores condicións posibles á celebración do vindeiro Ano Xacobeo*

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de hoxe autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Cabido catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago que establece o marco de colaboración preciso para a xestión das obras de conservación e restauración prioritarias no templo compostelán e contará cun orzamento conxunto de 17 millóns de euros achegados polo Goberno Central.

A consecución das 16 actuacións de conservación e restauración prioritarias, derivadas do Plan director do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela, terán unha subvención máxima de 16.612.013 euros, que se librarán a favor da Fundación Catedral de Santiago. Para o control de proxectos e obras realizado directamente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural efectúase a reserva un total de 387.987 euros. Completaranse, deste xeito, os 17 millóns de financiamento estatal.

Actuacións pautadas

As primeiras actuacións de conservación e restauración que se acometerán, segundo a orde de licitación prevista no convenio, serán o remate das obras na fachada do Obradoiro e na Torre das Campás, así como a restauración da fachada da Quintana.

Continuarase coa restauración das cubertas do templo, que inclúe as capelas absidais, a capela maior e a capela do Pilar; a acometida da cuberta, das escaleiras e da comunicación do claustro; a limpeza exterior da Torre do Tesouro; e a restauración das fachadas de Xelmírez e Abades. Para logo proceder á restauración interior da Torre do Reloxo, da tribuna e da fachada sur do claustro; e á limpeza exterior da Torre da Vela.

Finalmente, obrarase nas bóvedas do interior do templo, incluídas as absidais e a xirola, e nos paramentos verticais do conxunto; e acondicionarase o baixo cuberta na zona claustral.

Camiño ao Xacobeo 2021

As actuacións, recollidas no devandito plan director e que se realizarán desde a súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020, permitirán manter dun xeito idóneo a funcionalidade relixiosa e cultural do templo, e poñer en valor, de forma sustentable,

os recursos patrimoniais e culturais que posúe o edificio de cara á celebración do vindeiro Ano Xacobeo 2021.

Neste sentido, trátase dun convenio clave para acometer todas as obras precisas que garantan a transmisión nas mellores condicións posibles ás xeracións vindeiras dun ben patrimonial de primeira magnitude como é a Catedral de Santiago de Compostela. Un ben, outrosí, básico para o desenvolvemento sustentable da nosa comunidade.

A formalización deste convenio ten como beneficiaria final á S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, e como entidade colaboradora á Fundación Catedral de Santiago, que como tales asumen os requisitos previstos na lexislación vixente. A participación da Fundación Catedral de Santiago no rol de entidade colaboradora responde ao seu labor e competencia respecto da execución das actuacións que se recollen no Plan Director do conxunto catedralicio.

Xestión e fiscalización

No convenio que hoxe autoriza o Consello da Xunta está prevista a creación dunha Comisión executiva e dunha Comisión de seguimento, constituídas por seis e catro membros respectivamente. Ambas terán unha composición paritaria entre representantes da Consellería de Cultura e da Fundación Catedral de Santiago.

Á comisión executiva cumprirá, entre outras, as funcións de aprobar os proxectos técnicos, a autorización previa das licitacións e a aprobación dos pregos administrativos e técnicos que as rexerán. Así mesmo, realizará unha aprobación inicial das liquidacións e certificacións de obra, sen prexuízo da necesaria validación de todas as xustificacións pola comisión de seguimento.

Pola súa banda, a comisión de seguimento aprobará e validará todas as xustificacións do correcto destino dos fondos, incluíndo a validación das liquidacións e das certificacións de obra aprobadas pola comisión executiva. Así mesmo, cómpre destacar que o acordo prevé que a licitación das obras deberá realizala a Fundación Catedral de Santiago mediante procedementos inspirados nos principios de contratación públicos.

Antecedentes

O 20 de novembro de 2014 a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado asinaron un protocolo de colaboración coa finalidade de sumar esforzos que permitan impulsar a colaboración mutua para a restauración da Catedral nos termos fixados polo Plan Director do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela, aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9 de marzo de 2009.

O protocolo establece o sistema de colaboración para a xestión da transferencia de capital á Comunidade Autónoma para financiar proxectos de investimento, previsto nos orzamentos do Estado para 2015 e por un importe de 17 millóns de euros.

En desenvolvemento do devandito protocolo o Consello de Ministros autorizou, na súa reunión do 28 de agosto, un convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado e as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e Facenda, para o financiamento de actuacións de restauración na Catedral e o impulso do plan director, mediante o que se articulou a transferencia da achega do Estado á Comunidade Autónoma.

SANIDADE COLABORA NA INTERNACIONALIZACIÓN DO CLÚSTER DA SAÚDE DE GALICIA

- *Articularanse os primeiros pasos para fomentar un ecosistema de innovación sanitaria na Comunidade Autónoma*
- *A Consellería destinará 40.000 euros a este obxectivo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Clúster de Saúde de Galicia (CSG) para impulsar o desenvolvemento da internacionalización desta asociación, sen ánimo de lucro, que aglutina os intereses de varios axentes públicos e privados que traballan no sector sanitario galego.

A Consellería destinará 40.000 euros a este obxectivo, tal e como se recollía nos compromisos do acordo de colaboración asinado o pasado mes de marzo coa Axencia Galega de Innovación para a promoción de actividades de I+D+i no sector sanitario.

O acordo articula os primeiros pasos para fomentar un ecosistema de innovación sanitaria en Galicia. Estes ecosistemas perseguen a creación de espazos favorables para o fomento de innovación a través de colaboracións, redución da burocracia, intercambio de boas prácticas e información de interese común. Tamén perseguen agrupar capacidades e emitir unha imaxe de marca común que posicione as rexións nos foros de innovación internacionais.

Posiblemente o ecosistema de innovación mais coñecido está en California -Silicon Valley-, pero hai exemplos doutros ecosistemas ao longo de todo o mundo. En Galicia está o exemplo en Vigo do sector do automóbil, no que unha entidade de gran tamaño impulsa a innovación en outras empresas, centros tecnolóxicos e universidades galegas.

Resposta ás demandas propias da rexión

Os ecosistemas de innovación non implican novas estruturas xurídicas ou a creación de novas entidades. Nas últimas tendencias en fomento da innovación, aconséllase que aglutinen organizacións públicas, privadas e académicas -*triple hélice*-, e tamén é recomendable que unha ou varias entidades de gran influencia na rexión actúe como organización-tractora ou impulsora da estratexia do ecosistema de innovación.

No convenio propónse fomentar un ecosistema de innovación sanitaria en Galicia que responda as demandas particulares da rexión (principalmente o envellecemento demográfico de Galicia). A estratexia pasará pola internacionalización e a colaboración en programas europeos como o Horizon2020 -financiados con preto de 80.000 millóns

de euros entre 2014 e 2020-, xa que a través deles é posible poñer en marcha proxectos de innovación de alto impacto que teñen una influencia directa en organizacións e usuarios finais, como os pacientes.

A Consellería de Sanidade e o Sergas participan desde hai tempo nestas iniciativas europeas, e para poder ter éxito nas convocatorias e obter mellores retornos dos esforzos en investigación e innovación realizados polas organizacións sanitarias cómpre traballar en colaboración con outros axentes rexionais do ámbito académico e privado.

Ademais, tamén é conveniente que os propios axentes rexionais colaboren en redes de coñecemento europeas formadas por organizacións homólogas compartindo experiencias que contribúan ao fomento de novas tecnoloxías e servizos que repercutan nunha mellora da calidade asistencial ofrecidas aos pacientes.

O NOVO PROGRAMA REFORMA15 DESTINARÁ PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS A IMPULSAR MELLORAS EN BAÑOS E COCIÑAS DE 5.000 FOGARES GALEGOS

- *O plan do Goberno galego apoiará as familias no acondicionamento destes espazos estimulando a demanda e o emprego entre as pequenas empresas e os autónomos do sector da construción*
- *Xerará investimentos duns 30 millóns de euros con axudas que suporán rebaixas do 40%*
- *O custo mínimo dos produtos adquiridos ao abeiro do Reforma 15 será de 1.000 euros, e as axudas públicas poderán oscilar entre un mínimo de 200 e un máximo de 1.000 euros*
- *A tramitación das solicitudes de axuda realizaranse nos propios establecementos, e serán resoltas pola Xunta por vía telemática en poucos días*

O Goberno galego ten no apoio ás familias, á promoción da eficiencia enerxética e ao impulso á actividade económica tres dos eixes da súa política económica e social. Os tres figuran na iniciativa que hoxe coñeceu o Consello da Xunta: o programa Reforma 15, co que a Xunta incentivará a renovación, por parte de particulares, de todo tipo de equipamentos de cociña e baño, excepto electrodomésticos, incluíndo produtos como mobiliario, materiais de construción ou elementos de fontanería.

Desta maneira, o executivo autonómico busca apoiar ás familias no acondicionamento das súas vivendas e avanzar na eficiencia enerxética dos edificios galegos, estimulando, de forma paralela, a demanda en sectores vinculados ao sector da construción, a reforma e a rehabilitación, contribuíndo a xerar actividade e emprego entre as pequenas empresas e autónomos.

O programa está dotado con preto de 3 millóns de euros en apoios, que xerarán investimentos de 30 millóns: 14 millóns de xeito directo (a través das propias adquisicións) e 16 millóns de xeito indirecto, mediante a contratación de instaladores ou as obras complementarias. A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, apoiará o 20 % da compra realizada polos cidadáns, co límite entre 200 e 1000 euros por persoa e domicilio particular. A entidade colaboradora realiza un desconto equivalente ao do Igape, polo que a rebaixa global achégase ao 40 %.

En total, estímase que serán 5.000 os fogares galegos beneficiados por un programa deseñado en colaboración co propio sector, representado pola Asociación de Empresarios de materiais de construción de Galicia (Asemaco). Os cidadáns levarán a cabo a tramitación nos propios establecementos comerciais, que deberán inscribirse como entidades colaboradoras do programa ante o Igape, e que tramitarán as axudas

co instituto de forma telemática. A tramitación faise dese xeito moito máis áxil, de forma que cada solicitude será resolta pola Xunta en poucos días. A convocatoria para que as entidades colaboradoras se adhiran ao programa abrírase a finais deste mesmo mes.

Este programa complementábase con outro programa da Consellería de Economía e Industria que redunda nas reformas nos fogares da comunidade, o Plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas galegas, que con 5 millóns en apoios está a xerar investimentos por 13,5 millóns de euros ao longo deste ano. Co programa impúlsase o acondicionamento de fiestras, cubertas e fachadas; a renovación de ascensores e a instalación de caldeiras eficientes; e, especificamente no eido rural, a instalación de xeotermia, solar térmica e aerotermia.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE INFORMA AO CONSELLO DA XUNTA DO DESENVOLVEMENTO DA PLATAFORMA É-SAÚDE

- *Permitirá a pacientes e cidadáns acceder desde o seu teléfono móbil a informes e datos da súa historia clínica electrónica, acceder a páxinas webs de calidade sobre saúde, ou realizar xestións administrativas, entre outras actuacións*
- *Esta ferramenta está actualmente en fase de desenvolvemento a través dun grupo multidisciplinar de profesionais da Consellería de Sanidade e do Sergas e a empresa adxudicataria*
- *A Plataforma É-Saúde, cofinanciada con Fondos Feder, busca implantar novos modelos de comunicación e está pensada para pacientes e cidadáns*

A Consellería de Sanidade está a completar o desenvolvemento técnico da Plataforma É-Saúde co obxectivo de iniciar nas próximas semanas a fase de pilotaxe cun grupo de usuarios controlado. O obxectivo final é que a primeira versión desta plataforma estea en uso a finais deste ano 2015. Actualmente, o proxecto está rematando a fase III de desenvolvemento completo e posta en marcha da solución, en breve iniciárase a fase IV de demostración e avaliación, e a fase V de servizos de soporte, corrección e evolución; as fases I de análise e definición funcional e técnica e fase II de desenvolvemento dun prototipo da solución, xa están rematadas.

A Plataforma É-Saúde é unha ferramenta tecnolóxica de personalización de servizos para o paciente, que fai que de forma ergonómica e desde calquera lugar e dispositivo (ordenador, móbil, tableta...) este poida acceder a servizos e contidos personalizados en función do seu perfil, tanto se é un paciente como se é un cidadán san que quere colaborar activamente na promoción da súa saúde e na prevención de enfermidades.

A Consellería de Sanidade pretende coa Plataforma É-Saúde desenvolver novos modelos de comunicación coa sociedade, impulsar a dispoñibilidade de canles de comunicación dixital e propiciar unha actitude proactiva dos cidadáns, que permita conseguir servizos máis eficientes e cidadáns mellor informados, máis implicados e cun maior nivel de autonomía. En definitiva, busca a mellora da alfabetización sanitaria, que é a capacidade dos individuos para obter, procesar, comprender e aplicar a información sobre saúde e tomar así as decisións máis axeitadas en relación con ela.

Grupo multidisciplinar encargado do seu deseño e desenvolvemento

A plataforma estase levando a cabo por unha comisión de desenvolvemento liderada dende Servizos Centrais do Sergas, na cal participan a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, a Dirección de Asistencia Sanitaria, a Subdirección de Atención ao Cidadán e Calidade, e a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, co soporte tecnolóxico da empresa adxudicataria do proxecto, a través de

procedemento aberto cun importe total de licitación de 1.089.000 euros.

Abordouse nun 80 % con Fondos Feder, e o 20 % restante foi achegado pola sanidade pública galega, dentro do marco e normativa das iniciativas H2050 e Innova Saúde e está relacionada co Fogar Dixital, outro dos proxectos que está a poñer en marcha o Sergas.

Doutra banda, existe unha comisión técnica, integrada por profesionais sanitarios do Sergas de diferentes ámbitos como profesionais médicos hospitalarios e de atención primaria, documentalistas do Sergas, enfermeiros, farmacéuticos, expertos en Metodoloxía da Calidade, e pacientes, como xa se mencionou, que están participando activamente neste proxecto.

Para asegurar que a participación de pacientes sexa activa e que se traduza en melloras para o proxecto, planificáronse seis talleres sobre a plataforma con representantes do Consello Asesor de Pacientes entre febreiro e novembro deste presente ano.

Funcionamento da plataforma

A Plataforma disporá de distintos niveis de acceso, mantendo a seguridade, a confidencialidade e o rigor necesarios ao uso que se queira facer dela. Calquera cidadán galego, previamente identificado, e cun máximo nivel de seguridade, poderá acceder á súa historia clínica, imprimir os seus informes de alta, probas radiolóxicas ou de analíticas.

De forma máis aberta, sen necesidade de identificación previa, os usuarios que o desexen poderán entrar na Plataforma e atopar páxinas web relacionadas cun determinado problema de saúde, así como acceder a fichas informativas, asociacións de pacientes, foros e chats de comunidades, toda a oferta formativa da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, vídeos sobre campañas sanitarias etc.

A tecnoloxía 2.0 desenvolvida na Plataforma É-Saúde permitirá identificar as necesidades e intereses do paciente segundo o seu perfil, propoñendo material que poida ser do seu interese de acordo con buscas previas. A intención do Sergas é que o coñecemento xerado en calquera dos seus distintos departamentos, como guías, procedementos ou recomendacións para pacientes, sexan facilmente accesibles para os cidadáns galegos a través dun buscador.

Comunicarse con outros pacientes e con profesionais a través de comunidades virtuais e establecer alertas, recordatorios, metas e obxectivos de saúde para o coidado da súa propia saúde serán outras das actividades que poderán levar a cabo os usuarios desde calquera dispositivo electrónico.